



CELEBRACIÓN EN OS COTOS

10-11 de maio do 2025

IV SEMANA DO TEMPO DA PASCUA



Os COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA,

E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDO DE BENVIDA

🎵 **nº 1 A Cristo cantamos**

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

A lectura do Libro dos Feitos dos Apóstolos que hoxe imos escoitar amósanos que o Evanxeo é para quen quere escoitalo e vivilo, por iso os apóstolos pónense en camiño levando o evanxeo máis alá das terras de Xesús.

Hoxe a historia é a mesma, e así, nesta xornada reunímonos porque nós queremos escoitar o evanxeo. Nel, hoxe, atopámonos con que Xesús é o noso Bo Pastor. El fálanos, El coñécenos, El danos vida, El cóidanos; e nós escoitamos a súa voz e seguímolo. Neste estilo dámoslle a benvida ao noso novo papa León XIV, esperando que el sexa o Pastor de hoxe que axude sementando soños de paz e tendendo pontes, como tamén di a nosa bandeira de Os Cotos.

Seguindo a celebrar a Pascua con Xesús, non estamos sos. Formamos parte da gran comunidade dos seguidores do Evanxeo, e Cristo Resucitado está connosco guiándonos, como o Pastor ao seu rabaño.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante: *A nosa vida está chea de atrancos que non nos deixan camiñar alegres e pesan no noso corazón. Para poder ser vida de Pascua queremos pedir perdón e comprometermos:*

Monitor/a

- ✓ Polas veces que non poñemos atención á Palabra viva do Evanxeo, e enchemos a cabeza de ruídos e palabras sen vida. Perdóanos Señor, e guía os nosos pasos
- ✓ Polas veces que soamente escoitamos o que nos interesa, e facémonos xordos a tantas e tantas voces que non merecen permanecer no silencio. Perdóanos Señor, e guía os nosos pasos
- ✓ Polas veces que pretendemos que os demais escoiten e fagan caso ás nosas voces, pero nós non as facemos cribles nos feitos e somos incoherentes. Perdóanos Señor, e guía os nosos pasos

Celebrante: *Deus, Pai agarimoso, ten piedade de nós, dos que teñen un lugar no noso corazón e na nosa vida, dos que se atopan sos e perdidos nos camiños da vida. A todos concédenos o Señor o perdón dos pecados, a todos ábrenos os ollos á súa Pascua e a todos por Cristo Bo Pastor nos leva á vida eterna. Amén.*

🎵 **nº 3 Gloria**

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Rematamos a primeira parte da celebración presentando no silencio o que rebule no noso interior. Facémolo doídos e necesitados de paz, facémolo co bo exemplo que nos dá Cristo a quen hoxe proclamamos coma o noso Bo Pastor, e facémolo na esperanza do noso novo papa León XIV.*

(Silenzo)

Celebrante: Deus de misericordia, guíanos á asemblea do ceo; que a pesares das nosas debilidades e da xordeira á túa Palabra, o teu pobo cheguemos aos pastos da eternidade, onde nos agarda o Bo Pastor Xesucristo que Resucitado vive e reina por sempre eternamente. Amén.

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante: *O texto que hoxe proclamamos do Libro dos feitos dos apóstolos vainos amosando que os primeiros cristiáns non calan nin esconden a Palabra de Deus. Vívana con quen quere escoitala.*

Logo o evanxeo amósanos en Xesús ao Bo Pastor. El fálanos, El coñécenos, El dános vida, El cóidanos; e nós escoitamos a súa voz e seguímolos. Cristo é o noso Bo Pastor que nos encamiña na paz tendendo pontes para facer comunidade. Escoitemos.

LECTURA DO LIBROS DOS FEITOS DOS APÓSTOLOS

Daquela pasando Paulo e mais Bernabé desde Perxe, seguiron a Antioquía de Pisidia. Un día de sábado entraron na sinagoga e sentáronse. Moitos xudeus e prosélitos practicantes seguiron a Paulo e Bernabé, que, falando con eles, os animaban a perseverar na graza de Deus.

Para o outro sábado xuntouse case toda a cidade para escoitar a palabra de Deus, pero os xudeus enchéronse de envexa, ao veren tanta xente, e opoñíanse con insultos ao que Paulo dicía. Entón Paulo e Bernabé dixeron ousadamente:

- Tiñamos que anunciarvos a palabra de Deus primeiro a vós; pero, visto que a refugades e non vos considerades dignos da vida eterna, volvémonos cara aos pagáns; pois así nolo mandou o Señor: Púxente como luz das nacións, para lebares a salvación ata os confíns da terra.

Os pagáns, sentindo isto, enchíanse de alegría, louvando a mensaxe do Señor. Deste xeito a palabra de Deus espallábase por toda a bisbarra.

Pero os xudeus encirraron ás señoras de alta categoría que eran devotas e aos principais da cidade e promoveron unha persecución contra Paulo e Bernabé, expulsándoos do seu territorio.

Estes, sacudindo contra eles o po dos seus pés, marcharon para Iconio, mentres os discípulos ficaban cheos de alegría e do Espírito Santo.

Palabra do Señor

🎵 n° 8 No colo da miña nai SALMO

(en pé) Leccionario I C páx 144 Xn 10, 27-30 EVANXEO

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO XOÁN

Daquela, dixo Xesús:

- As miñas ovellas escoitan a miña voz: eu coñézoas e elas séguenme; eu doulles vida eterna, e non se perderán para sempre: ninguén mas quitará da man. Meu Pai, que mas deu, é máis ca todos, e ninguén pode arrepañalas da man do Pai. Meu Pai e mais eu somos un.


Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón

"EU SON
O BO
PASTOR"



*El fálanos, El coñécenos,
El dános vida eterna, El cóídanos*



*e nós escoitamos a súa voz
e seguímolo.*

(en pé) ACOLLIDA DA AUGA

Celebrante: *Fixemos memoria do noso bautismo na celebración da vixilia pascual. Alí compartíamos a auga de toda a comunidade de Os Cotos, e agora aquí ante a auga de vida que nos une en parroquia, queremos lembrar os compromisos, queremos sentirnos confiados en Deus, queremos ser a COMUNIDADE que ten a Cristo coma Bo Pastor.*

🎵 **nº 2 Ide e pregoade**

Celebrante *Agradecemoslle a Deus os dons da vida cos que El nos agasalla, e facémolo dicindo:*

BENDITO SEXAS POR SEMPRE SEÑOR

Monitor/a

- * Deus creador de todas as cousas, que pola auga e o espírito, nos fixeche renacer á vida do evanxeo
- * Xesús, Ti que convidaches á primeira comunidade a ser testemuña anunciando o evanxeo a todas as xentes
- * Espírito Santo, que fas renacer á Igrexa polo alento da Pascua, e que nos convidas a ser auga viva

RENUNCIAMOS AO MAL

Celebrante *Neste tempo da Pascua, deixándonos alumar pola luz da fe que recibimos no bautismo, renunciamos ao mal porque queremos facelo mellor.*

Monitor/a

- Renunciades a crervos superiores aos outros; isto é: a calquera clase de abuso, discriminación, orgullo, egoísmo e desprezo?

Si, renunciemos

- Renunciades a calar diante das inxustizas e as necesidades das persoas e dos pobos, por covardía, preguiza, comodidade e vantaxes persoais?

Si, renunciemos

- Renunciades aos criterios e comportamentos que fan do diñeiro a aspiración máis grande da vida, e que aprecian a liberdade persoal e o individualismo por enriba da responsabilidade social e da comunidade?

Si, renunciemos

PROFESIÓN DA FE

Celebrante Neste tempo da Pascua, deixándonos quecer á beira do RESUCITADO compartimos o credo dicindo
SI CREEMOS

Monitor/a:

Credes en Deus,
Pai e Nai de todos os homes e mulleres,
que nos agarima nas súas mans
e que conta con nós para mellorar a vida?

SI CREEMOS

Credes en Xesús, o seu Fillo Benquerido,
sempre atento para dar unha man,
e que nos quere dando vida á Pascua
co noso bo facer de cada día?

SI CREEMOS

Credes no Espírito Santo,
que nos alenta esperanza para soñar irmandade,
que nos alenta forza para doernos coa violencia,
que nos alenta paz para sementala por toda a Terra?.

SI CREEMOS

Credes na Igrexa,
unha Igrexa que se fai crible en comunidade,
acolledora, respectuosa e coidadora da terra
e da vida de todas as mulleres e homes
que non contan para ningún?

SI CREEMOS

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: O Señor Xesús é o Bo Pastor. Poñámonos nas súas mans para que sexa el quen nos guíe, para que el nos lidere como comunidade, e nós sexamos quen de seguilo na paz tendendo pontes. Digamos

SEÑOR DA VIDA, ESCOITA A NOSA ORACIÓN

Monitor/a:

✓ Señor, querendo facer igrexa, pedímosche que a exemplo do bo pastor sexamos capaces de medrar en diálogo, tolerancia e respecto. Oremos

✓ Señor, querendo facer comunidade, pedímosche con todos os homes e mulleres que á imaxe do Bo Pastor, son exemplo de igualdade e dignidade. Oremos

✓ Señor, querendo facer pobo, pedímosche polo noso novo papa León XIV, para que nos siga guiando no camiño de facer evanxeo na paz e tendendo pontes. Oremos

✓ Señor, querendo unha Pascua crible, pedímosche por todas as persoas e pobos que non poden vivir en paz. Oremos

Celebrante: Señor Xesús, que saibamos recoñecerte na comunidade dos irmáns e irmás, pedímoscho a ti que vives e reinas Resucitado por sempre eternamente.
Amén

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: Temos escoitado a Cristo, o noso Bo Pastor, por iso rezamos a Deus Pai como o temos aprendido co mesmo Xesús:

NOSO PAI ...



SIGNO DA PAZ

Celebrante: A invitación que nos fai hoxe o Bo Pastor, é escoitalo e deixármonos guiar pola súa Palabra. É verdade que non é unha Palabra calquera, é a que nos dá azos para superar atrancos e canseiras; é a que nos alenta cando todo se fai rutina. É a que se nos dá en PAZ para facer camiño de Pascua. Sexamos nós, hoxe e sempre, homes e mulleres de paz tendendo pontes de encontro e comunidade.

🎵 **Fagamos a paz irmáns**

COMUÑÓN

Celebrante: Pola man dos apóstolos aquela primeira comunidade botaba a andar abrindo as portas como igrexa para todos. Nós compartimos unha mesa en comunidade como signo dunha vida toda ela compartida, no que temos, no que somos, no que amamos, no que valemos. Ditosos nós convidados a esta festa da Pascua do Señor.

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar


🎵 **nº 9 Acharte presente na vida**

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante: Señor Noso Pai, que o pan que temos compartido, signo da mesa eterna que nos preparas, nos enforteza para guiar os nosos pasos polos camiños do teu reino sementando paz. Pedímoscho por Cristo Bo Pastor, que vive e reina Resucitado por sempre eternamente. Amén

UNIDADE PASTORAL D'OS COTOS



FELICES FESTAS DA PASCUA

Avísase das misas (ver folla do mes)

Que teñamos unha boa PASCUA, e o Señor nos bendiga †, nos garde de todo mal e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén

Podémonos ir en paz. Dámoslle grazas a Deus